

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de setembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de setembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1694).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 27 de agosto de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1695).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 4.12.06 POLO QUE SE LLE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN Á ENTIDADE ASEM GALICIA. EXPTE. 25473/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 3.09.07, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, que di o seguinte:

ASEM Galicia solicito con data 10 de xuño de 2006 subvención ao departamento de Benestar Social en prazo e forma adecuado ás bases da convocatoria do ano 2006. Esta solicitude foi resolta e aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 4 de decembro de 2006, onde se acordou conceder unha subvención total de 2.930,55€ desglosada nos seguintes conceptos e importes: 1.972,09€ en concepto de actividades e 958,46€ por de mantemento da asociación.

Ao longo do proceso de tramitación produciuse un erro na documentación polo cal Asem Galicia foi tratado como Asociación española de enfermidades musculares, nome que recibe xenericamente esta asociación en todo o país, e tamén erroneamente asignóuselle o CIF da asociación de Barcelona.

O tramite continuou o seu proceso e ata lles foi comunicado aos interesado sen que se producise ningún tipo de advertencia de que estaban sendo tratados co nome xenérico da asociación a nivel nacional e cun CIF que non era seu.

Así con data 19 de decembro presentaron as facturas acreditativas do gasto e desde o departamento remitíronse á intervención para o seu abono o 31 de decembro de 2006.

Este expediente de pago quedou rexistrado de entrada en intervención o 13 de febreiro e foi devolto a esta oficina o pasado 30 de xuño comunicándonos que todo esta correcto salvo que o CIG que aparece no documento contable é G08933351 e este número non corresponde a ASEM Galicia senón á mesma asociación con sede en Barcelona.

Por todo iso proponse a ese Xunta de Goberno Local:

Aprobe a subsanación do erro na anotación do Cif, no lugar do G08933351, que corresponde á asociación con sede e Barcelona, se tome o cif de ASEM GALICIA, con Cif G 36925691, co fin de poder satisfacer o pago da subvención concedida no ano 2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda subsanar o erro producido tal e como se expón no precedente informe.

3(1696).- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Ó CONCELLO DE VIGO Ó ABEIRO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2007 (SEGUNDA QUENDA). EXPTE. 4304/77.

Dáse conta do informe da coordinadora do Plan Municipal de Emprego, do 10.09.07, conformado polo concelleiro de Promoción Económica e Emprego, que di o seguinte:

No marco dos Programas de Cooperación que a Consellaría de Traballo establece na Orde do 31 de xaneiro de 2007 (que regula as axudas e subvencións para o fomento do emprego polas entidades locais, subvencionando a contratación de traballadores/as desempregados/as para a execución de obras e servizos de interese xeral e

social), a Concellaría de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo solicitou subvención para a realización dos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 19 de marzo de 2007 (achégase copia do acordo).

Así, con data 7 de xuño de 2007 recíbese fax da Delegación Provincial da Consellaría coas Resolucións aprobatorias das subvencións concedidas nunha primeira quenda, para contratar 81 traballadores/as, especificando que nas vindeiras datas remitiríanse novas Resolucións. E con data 5 de setembro de 2007 recíbese comunicación cunha segunda quenda de Resolucións aprobatorias de subvención para contratar, esta vez, 20 traballadores/as desempregados/as, que se reflicten no seguinte cadro:

Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as CONCEDIDOS	Duración (meses)	Custos salariais (Subv concedida)
I.M.D	Eliminación de barreiras e mellora da mobilidade en instalacións deportivas	2 oficias construción 4 peóns TOTAL: 6	9	57.902,40 €
VOLUNTARIADO	Fomento do voluntariado	1 titulado superior 1 titulado medio TOTAL: 2	9	24.623,10 €
MULLER	Educación en igualdade	2 titulados superiores TOTAL: 2	9	26.914,86 €
INFORMÁTICA	Elaboración de normas de seguridade físicas, lóxicas e de comunicacións	2 titulados superiores TOTAL: 2	9	26.914,86 €
	Desenvolvemento de ferramentas web	1 titulado superior 1 oficial administrativo TOTAL: 2	9	22.950,00 €
PERSOAL	Apoio na organización da xestión do servizo de Recursos humanos	2 aux. administrativos TOTAL: 2	9	18.081,00 €
TURISMO	Análise estatístico	2 titulados medios TOTAL: 2	4	9.925,04 €
	Itinerarios turísticos polo centro de Vigo	2 titulados medios TOTAL: 2	3	7.443,78 €
TOTAL	8 MEMORIAS	20 traball. concedidos		194.755,04 €

As subvencións concedidas correspóndense cos custos salariais dos traballadores/as para contratar aplicando o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.

Deste xeito, dende o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a dar os pasos necesarios para iniciar os correspondentes expedientes de xeración de crédito relativos á subvención aprobada, así como no referido ao procedemento de selección dos/as participantes (recollido no expte 4450/077 "Procedemento de selección do persoal beneficiario de Programas de Cooperación 2007", aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 25/05/07).

O que se comunica á Corporación municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(1697).- AUTORIZACIÓN DE VENDA DA EDICIÓN LIMITADA “DYAN BUMVER I”, PROPIEDAD DO CONCELLO, NAS DEPENDENCIAS DO MUSEO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 418/340.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Verbum, do 10.09.07, conformado polo concelleiro da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-la venda dos 50 exemplares propiedade do Concello de Vigo, da Edición Limitada “Dyan Bumver I”, da que é autor Javier Albertos Benayas, co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura do custo da tirada estimados en 17,24 € mais o 16% de IVE, resultando un custo de venda final ó público de 20 € IVE incluído.

2º.- Autoriza-la venda da Edición Limitada “Dyan Bumver I” nas dependencias do Museo Verbum – Casa das Palabras, polo prezo antedito.

5(1698).- INCLUSIÓN DE PROPIEDAD NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES POR ALLEAMENTO DE PARCELA SOBRANTE Ó CAMIÑO DE CANADELO E VÍA NORTE. EXPTE. 4620/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 31.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).*
- [*Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 \(LH\).*](#)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 19 de marzo de 2007, acordou segregar en dous a finca descrita co código 1 07 02 00 (C. Rueiro 01540), “Rúa Canadelo Alto”, pasando a formar dúas fincas independentes coa seguinte descrición:

- *Código: 1070200.*
C. Rueiro: 01540
Denominación: Rúa Canadelo Alto.

Orixen: Rúa Navarra.
Final: Rúa Pino.
Escala: 1/1000.
Nº Folla: 18-24.
Valor tasación: 6.241,60 €.
Lonxitude: (332-15,58)=316,42 ml.
Sección: 5,50.
S. total: 1.753,50 m2.

- Propietario: Concello de Vigo, inventariado como vía pública.
Situación: rúa Canadelo Alto-tramo 15,58 ml.
Superficie: 72,50 m2.
Lindeiros:
 - Norte: Tramo de rúa Canadelo Alto hacia o norte;
 - Sur: Rúa Vía Norte –túnel do tramo sur da rúa Canadelo Alto-;
 - Leste: “Promociones y construcciones Pérez Paz, S.L.”;
 - Oeste: Comunidade de propietarios nº 1 da rúa Vía Norte.

Segundo.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 12 de xullo de 2004, adoptou o seguinte acordo “Aproba-la recepción formal, como ben patrimonial, do voo construíble sobre a rúa Canadelo Alto, desafectado automaticamente coa aprobación do vixente PXOU de Vigo ó clasificalo como solo urbano e cualificado coa ordenanza de aplicación 1.1.B, de edificación pechada; voo que inclúe a superficie do lateral do solo do camiño imprescindible para empraza-los pilares de apoio da estrutura de edificación a executar no voo”. E na citada resolución de data 19 de marzo de 2007 acordouse “proceder a inclusión dentro do epígrafe segundo do Inventario de bens municipal o seguinte dereito: dereito a voo sobre o camiño de Canadelo Alto, cun fondo de 15,58 ml e cos seguintes lindeiros: N.- Rúa Canadelo Alto; S.- Vía Norte –túnel Canadelo Alto-; L.- “Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L.”; O.- edificio número 1 de Vía Norte. A parcela municipal sobre o que se ubica o dereito de voo está clasificada como urbana consolidada-ordenanza 4-1ª, de edificación en aliñación de rúa de uso residencial multifamiliar. O aproveitamento se materializará tendo en conta a rasante da rúa Vía Norte”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto e prace do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).

Segundo.- Así mesmo, as Administracións públicas deben inscribir nos correspondentes rexistros públicos os bens e dereitos do seu patrimonio, sexan de natureza demanial ou patrimonial, que sexan susceptibles de inscrición, así como todos os actos e contratos referentes ós mesmos que poidan ter acceso a ditos rexistros (artigo 36.1 LPAP).

A inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ó dominio e demais dereitos reais sobre bens inmoables practícarase no Rexistro da Propiedade (artigo 1 LH) e terá que practicarse de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. Neste senso, as operacións de agrupación, división, agregación e segregación

de fincas practícaranse mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifiquen, ou mediante a certificación prevista no artigo 206 LH, sempre que non afecten a terceiros (artigo 37.1 e 2 LPAP).

Terceiro.- Conseqüentemente, recepcionado por esta Administración o dereito de voo sobre a rúa Canadelo Alto e segregada en dúas a propiedade designada co código 1070200, procede actualizar o Inventario municipal de Bens e Dereitos e os datos rexistrais correspondentes, dando de alta o dereito de voo e as parcelas resultantes da segregación. No inventario se reseñarán os bens e dereitos, por separado, segundo a súa natureza, agrupándoos a teor dos epígrafes especificados no artigo 18 RBEL. No presente caso, dado que o dereito de voo é un dereito real deberá inscribirse no epígrafe 2 e a segregación no epígrafe 1 correspondente ós inmobeis.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de alta inventarial e posterior inscrición rexistral no Rexistro da Propiedade dos dereitos reais obxecto do presente expediente a Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto no artigo 127.1.f LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio municipal.

Polo anteriormente exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- ALTA: Dar de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epígrafe 2 Dereitos Reais, co nº de propiedade 401, o dereito de voo coa seguinte descrición:

Nº Propiedade 401: Dereito a voo sobre o camiño de Canadelo Alto

Dereito a voo sobre o camiño de Canadelo Alto cun fondo de 15,58 ml e cos seguintes lindeiros:

- Norte- Rúa Canadelo Alto.
- Sur- Vía Norte –túnel Canadelo Alto.
- Leste- Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L.
- Oeste- Edificio número 1 de Vía Norte.

A parcela municipal sobre o que se ubica o dereito de voo está clasificada como urbana consolidada-ordenanza 4-1ª, de edificación en aliñación de rúa de uso residencial multifamiliar. O aproveitamento se materializará tendo en conta a rasante da rúa Vía Norte.

Título: Cesión urbanística.

Año de constitución: 2004

Clasificación xurídica: Patrimonial.

Valoración: 416.410, 63 €

2º.- Rectificación da inscrición inventarial da Rúa Canadelo Alto nos termos resultantes da segregación acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 19 de marzo de 2007.

3º.- Dar traslado do presente acordo ó Rexistro da Propiedade interesando a inscrición rexistral das propiedades resultantes da segregación e o dereito de voo sobre a rúa Canadelo Alto”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1699).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e de conformidade cos informes-proposta do xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a GRUPO 5 Acción y Gestión Social S.L a fianza de 31.440 € constituída para responder do desenvolvemento do “Programa de familia e infancia” xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrido prazo de garantía. Expte. 1928/241.

b) Devolver a Ekipo S.C.G. as seguintes fianzas:

- Por importe de 834 € constituída para responder da “Subministración de mobiliario para o Centro Cívico de Teis” xa que foron recibidos mediante acta de 24.05.04, conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1935/241.
- Por importe de 857,41 € constituída para responder da “Subministración de mobiliario para Intervención” xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1934/241.

7(1700).- RECLAMACIÓN DE D. LUÍS MARTÍNEZ PAREDES (D. ESTEBAN FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1587/243. DESESTIMADA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 5.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Luís Martínez Paredes presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Esteban Fernández Rodríguez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de maio de 2007, no que expón que o día 6 de decembro de 2006, mentres o Sr. Fernández circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 2219-BDM, pola estrada da Garrida, á altura do número 293, pasou por unha focha, causándose danos materiais ó dito vehículo.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 06/12/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia dunha focha; postos en contacto co Sr. Esteban, este relátalles o accidente que tivera.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 06/06/2007, no que indican que a estrada da Garrida é de titularidade provincial.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 25/06/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Terceiro.- De acordo co informe do servizo de vías e obras, de data 6 de xuño de 2007, “a estrada da Garrida é de titularidade provincial”. Á vista deste dato, temos que concluír que, dado que o Concello de Vigo non é o titular da vía na que ocorreu o accidente obxecto da presente reclamación, carece de lexitimación pasiva neste procedemento e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público do mesmo.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Luís Martínez Paredes en nome e representación de D. Esteban Fernández Rodríguez, ó carecer o Excmo Concello de Vigo de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin haber asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma.

2º.- Dar traslado do presente expediente á Deputación Provincial de Pontevedra ós efectos oportunos”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1701).- RECLAMACIÓN DE D. M^a DEL PILAR MIGUENS MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 360/243. DESESTIMADO.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 6.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Pilar Miguens Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de outubro de 2004, no que expón que o día 29 de setembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa María Auxiliadora, á altura do número 3, sufriu unha caída tras tropezar contra un ferro roto cravado na beirarrúa, causándose danos físicos.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13/12/2004, sobre o estado do lugar do accidente.*

- Informe do servizo de Seguridade e Circulación viaria, de data 27/10/2006.
- Práctica de proba testifical, en data 07/12/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Miguens.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 08/01/2007.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 162,72 euros.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 19/07/2007.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración

(artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte do cito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado:

E así:

- Obsérvanse no expediente importante contradicións, en concreto:
- Se ben a reclamante sitúa a data do accidente e da primeira asistencia a Urgencias no 29/09/2006, o parte de atención en Urgencias de 10/11/2006 sitúa a data no 30/09/2006.
- No primeiro parte de asistencia en Urgencias que achega non constan ó non seren visíbeis os datos persoais da paciente nin a data da asistencia. Neste parte consta a atención no Centro Pintor Colmeiro, o que a reclamante nega en trámite de audiencia, situando esta atención na rúa Bolivia esquina coa rúa Pizarro.
- No ditame médico solicitado ó efecto e emitido o 26/06/2007, valóranse, consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992, 6 días de baixa de incapacidade parcial sen secuelas, por un importe de 162,72 euros.
- Da proba testifical practicada resulta acreditado que o día dos feitos a rúa atopábase iluminada, con boa visibilidade, así como que os ferros cortados que procedían duns bolardos eran visíbeis.
- Se ben os ferros foron retirados con posterioridade ó incidente, carecéndose de fotografías ó respecto no expediente, a propia reclamante en escrito de 10/11/2004 indica que se atopaban serrados a unha altura aproximada de 20 centímetros.

Cuarto.- De todo o que resulta consonte coa doutrina citada, e en especial a do Consello Consultivo de Galicia que en suposto similar (ditame 748/2006), que o feito de que os ferros, cunha altura aproximada de 20 centímetros foron visíbeis e perceptíbeis para os viandantes, como resultou acreditado, e considerando que non consta acreditada no expediente ningunha circunstancia persoal que limite a capacidade de deambulación da reclamante, fai que a orixe do incidente resulte da propia imputabilidade da vítima, interferindo no posíbel nexa de causalidade entre os danos e o funcionamento dun servizo público, e isto con independencia das contradicións que hai no expediente.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Pilar Miguens Martínez por unha caída ocorrida o día 29 de setembro de 2004 na rúa María Auxiliadora, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1702).- RECLAMACIÓN DE D. PABLO PÉREZ LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1611/243. DESESTIMADA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 6.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Pablo Pérez Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de maio de 2007, no que expón que o día 28 de decembro de 2006, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 5514-FFX, pola rúa Gil, causou unha serie de danos materiais ó vehículo, debido á existencia de fochas na calzada.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 28/12/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Pérez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo e que os desperfectos da calzada se deben á realización de obras de humanización da rúa.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/06/2007, no que indican que as obras referidas foron contratadas pola Deputación provincial e realizadas pola empresa Sercoysa.

Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 04/09/2007.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Terceiro.- De acordo co informe do servizo de vías e obras, de data 15 de xuño de 2007, as obras de humanización da rúa Gil foron contratadas pola Deputación e a empresa que as realizou foi Sercoysa. Segundo o artigo 97.1 e 3 do Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Estes poderán requirir, dentro do ano seguinte á produción do feito danoso, ó órgano de contratación, neste caso a Deputación de Pontevedra, para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos.

No presente suposto, dado que as obras eran realizadas por outro organismo público, Deputación de Pontevedra, non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento de ningún servizo público deste Concello, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial desta Administración. Á vista deste dato, temos que concluír que, dado que o Concello de Vigo non é o titular das obras orixe do accidente obxecto da presente reclamación, carece de lexitimación pasiva neste procedemento e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público do mesmo.

En virtude do exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Pablo Pérez Lago, ó carecer o Excmo Concello de Vigo de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade das obras da vía onde ocorreu o sinistro.

2º.- Dar traslado do presente expediente á Deputación Provincial de Pontevedra ós efectos oportunos”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1703).- RECLAMACIÓN DE D. GABRIEL BARROS GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.542/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 7.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Gabriel Barros González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de marzo de 2005, no que expón que o día 19 de marzo de 2005, circulando en bicicleta polo camiño da Centeeira, á altura do número 26, tivo unha caída, por mor dunha focha mal parcheada e non sinalizada, ocasionándose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 19/03/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Barros relátalles o accidente que tivera horas antes; así mesmo, comprobán a existencia da focha, con manchas de sangue xa seco, as lesións no Sr. Barros e os danos da súa bicicleta.*
- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 02/05 e 20/06/2005, indicando que é difícil detectar o obstáculo cando este non está cuberto de area e que este corresponde a unha reparación de Aqualia.*
- *Práctica de proba testifical, en data 13/07/2005, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Barros.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 21/10/2005, comunicando que os prezos contidos no albará de entrega nº 1216 de Bici Total, presentado polo reclamante, por un importe de 212,60 euros IVE incluído, son razoábeis; igualmente entenden que o valor venal da bicicleta para achatarramento sería de 60 euros.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.905,78 euros.*

- Evacuouse trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, en data 09/07/2007, que non formula alegacións.
- Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 20/08/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Do exame do expediente resultan acreditados os seguintes feitos:

- *Don Gabriel Barros González, cando circulaba en bicicleta caeu no Camiño da Centeeira á altura do número 26 por mor dunha focha nunha cala de abastecemento de auga, afundimento que non era fácil de detectar ata estar enriba del, cando non tiña area depositada, e do que os veciños que testifican deron conta sen que se reparase.*
- *A consecuencia do accidente a bicicleta sufriu danos por importe de 212,60 euros, que o servizo do Parque Móbil estima correctos. Así mesmo, do informe da Policía Local consta a rotura das súas lentes, con importe dunhas novas de 332 euros, así como que recibiu asistencia rehabilitadora prescrita e tivo gastos farmacéuticos por importe respectivamente de 108 e 23,44 euros. Non resultan no entanto*

acreditados os danos na roupa que se reclaman, non resultando a estes efectos proba suficiente as fotografías que achega o reclamante, xa que nin a Policía Local nin as testemuñas ratifican eses danos.

- Por outra banda, hai no expediente ditame médico sobre os danos físicos padecidos a consecuencia do accidente que, consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución, que os valora en 3.977,22 euros e no que se di “Valorados los nuevos informes aportados, entre los que se encuentra el de la Médico de cabecera, que claramente nos dice que estuvo 24 días de baja con las siguientes secuelas: Dolor cervical y diversas cicatrices en la región frontal, nasal, labio superior e inferior, hombro y codos (...) reclama 24 días impositivos y 266 no impositivos, sin justificación de ningún tipo ya que no existe documentación médica que justifique la persistencia de los 266 días no impositivos. No existió I.Q. De la lesión nasal y no existe ningún tipo de informe que nos justifique la necesidad de tan largo tiempo de curación. En cuanto a la desviación del tabique nasal, está claro que se trata de una patología susceptible de corrección quirúrgica y no se ha realizado según informe de la Dra. Peregrina Eiroa, septoplastía. Por todo lo expuesto, se modifica la valoración de secuelas, pero no los días de incapacidad. En las secuelas se admiten las secuelas estéticas y el dolor cervical residual, pero no la desviación del tabique nasal dado que no sabemos si produce alteración de la respiración, no existiendo informe de ORL, que lo justifique, por lo que la desviación estaría incluida en el perjuicio estético”.

Cuarto- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Gabriel Barros González.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 5.050,98 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1704).- RECLAMACIÓN DE D^a. JULIA GARCÍA AGUDO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.593/243. DESESTIMADA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 7.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Julia García Agudo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de maio de 2005, no que expón que o día 29 de abril de 2005, mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, á altura do Colexio Quiñones de León, sufriu unha caída por estar solto un lastro da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 24/11/2006, sobre o estado do lugar no que a reclamante indica ter ocorrido o accidente.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 12/12/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.446,86 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 09/07/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 29 de abril de 2005 a reclamante foi atendida no servizo de urxencias da Clínica Fátima dunha contusión facial tras, segundo ela refire, caída na vía pública. Estas lesións son valoradas en ditame médico solicitado ó efecto en 4.446,86 euros.
- No lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías que hai no expediente, os defectos da beirarrúa son visíbeis a longa distancia, apreciábeis a 10 metros e, polo tanto, evitábeis gardando a dilixencia debida.
- Solicitado informe á Policía Local sobre os feitos, resulta que non hai constancia de ningunha intervención neles, e a reclamante tampouco presenta ningunha testemuña deles.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impidise a súa percepción, polo que de conformidade coa

doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Julia García Agudo por unha caída ocorrida o día 29 de abril de 2005 na Travesía de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1705).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN DURÁN PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.860/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 10.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dña. María del Carmen Durán Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de decembro de 2005, no que expón que o día 3 de marzo de 2005, mentres circulaba co vehículo do seu marido que lle autoriza a representación, con matrícula PO-7078-P, pola Gran Vía, á altura do túnel, tivo un accidente ó pasar polo oco dunha reixa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte de servizo da Policía Local, de data 03/03/2005, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, a Sra. Durán relátalle o accidente que tivera; igualmente comproba os danos no vehículo e a reixa fóra do seu lugar, reixa que unha hora antes xa fora recolocada no seu sitio polo dito axente.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 21/07/2006.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/10/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Auto Recambios Antonio, presentado pola reclamante, por un importe de 124,12 euros IVE incluído son correctos.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 596,44 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 18/06/2007.*

- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, mediante a publicación por editos, en data 22/06/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que esta garantía en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte do cito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.

E así:

- *Do parte do servizo da Policía Local de Vigo de data 03/03/2005, resulta acreditado que o vehículo Peugeot 5050 PO-7078-P sufriu danos consistentes na rotura dunha roda e na llanta dilatada, avaliados en 124,12 euros, que o servizo do Parque Móbil estima correctos. Se ben os axentes non*

vieron directamente o accidente, o certo é que unha hora antes colocaran unha reixa de sumidoiro no túnel da Praza de España, que se atopaba fóra do seu lugar e, tras as manifestacións da reclamante da que era esa a causa do accidente, comprobaron novamente o seu desprazamento.

- Respecto ós danos físicos que se refiren, o certo é que non resulta acreditado no expediente que estes o fosen a consecuencia do mencionado incidente, non soamente porque a asistencia que a reclamante recibiu no servizo de urxencias o fose horas despois, de que non hai testemuñas delas e de que a Policía Local non o menciona no seu informe, senón porque a estes efectos é determinante o ditame médico solicitado ó efecto que hai no expediente e que, consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución. Concretamente, nel se di: “Realmente es difícilísimo entender como en un reventó de una rueda trasera, la derecha, sin haber volcado el vehículo sin desplazarse y colisionar contra la mediana u otro vehículo puede producir una Tendinitis del tendón del supraespinoso, y achacarla a dicho siniestro cuando en el estudio de RMN de hombro habla claramente de una “calcificación del subescapular”, patología claramente degenerativa y de larga evolución”.

Cuarto.- O dano no vehículo prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen Durán Pérez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 124,12 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1706).- RECLAMACIÓN DE SGM CORPORACIÓN DE SERVICIOS (P.F. EQUALITY) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.925/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 7.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade SGM, Corporación de Servicios presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da aseguradora P.F. Equality, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 29 de agosto de 2005 D. José María Vila Tejedo conducía o vehículo de súa propiedade, con matrícula 9850-DBZ e asegurado por P.F. Equality, pola rúa Camilo José Cela, á altura do número 6, e ó pasar por encima dun sumidoiro sen tapa, causou danos físicos ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 29/08/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Vila relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia dos danos no vehículo e do sumidoiro, que se atopa xunto a un rexistro de saneamento que, ó atoparse sen ningunha reixa, ofrece perigo tanto para vehículos como para transeúntes.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 06/06/2006.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/07/2006.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/10/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres S. Vidal S.L., presentado pola reclamante, por un importe de 207,12 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia, que formula alegacións en data 22/06/2007.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 08/08/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente resultan acreditados, consonte co atestado da Policía Local que hai nel, tanto os danos no vehículo como que estes o foron a consecuencia da rotura dunha reixa dun sumidoiro na rúa Camilo José Cela, danos que, avaliados en 207,12 euros, se informan favorablemente polo servizo do Parque Móbil do Concello.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por SGM Corporación de Servicios en nome e representación da aseguradora P.F. Equality

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar a P.F. Equality na contía de 207,12 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1707).- RECLAMACIÓN DE D. FERMÍN DEL RÍO PEQUEÑO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.952/243. DESESTIMADA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 7.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Fermín del Río Pequeño presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de febreiro de 2006 no que expón que o día 2 de novembro de 2005, o vehículo de súa propiedade, matrícula 6506-DPX, mentres circulaba pola Gran Vía, á altura dos números 116 e 118, foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Parque Móbil, de data 22/02/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Roberto Mouriño, presentado polo reclamante, por un importe de 352,70 euros IVE incluído, son correctos.
- Práctica de proba testifical, en data 17/03/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Del Río.
- Cítase proba testifical a outra testemuña para o 27/04/2006, proba que non se realiza debido á incomparecencia tanto da testemuña citada como do reclamante.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 16/06/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 21/06/2007.
- Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 29/06/2007.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 17/07/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica e que a causa do choque foi o desprazamento polo vento do recolector de lixo, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O suposto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son subministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, colectores subministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que

están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.

Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, impoñen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel No mesmo senso pronúnciase o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de respostar de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Terceiro.- A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto lexislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:

- Segundo informe solicitado ó efecto a Policía Local de Vigo, non consta ningunha actuación en relación co suceso polo que se reclama.*
- Da proba testifical practicada ó propio condutor do vehículo, resulta que se descoñece se o colector se atopaba freado ou dispuña dalgún tipo de suxeición, así como a causa de que envorcara por canto este se limita a “supoñer” que envorcou polo vento.*

Do anterior, resulta que ademais de que a única proba dos supostos feitos provén do condutor habitual do vehículo, e que en certo modo pode considerarse parte interesada, non hai proba bastante no expediente, nin dos feitos como de que estes tiveron lugar a consecuencia do deficiente funcionamento dun servizo público.

Polo exposto , PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Fermín del Río Pequeño, polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, con matrícula 6506-DPX, o día 2 de novembro de 2005 na Gran Vía”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1708).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA UTE AQUALIA-FCC SA CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO EN PARTE DE RECLAMACIÓN DE DANOS DE D^a. M^a. DOLORES FRANCISCA MARTÍNEZ BARCIA. EXPTE. 673/243. DESESTIMADA.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 5.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concesionaria AQUALIA FCC, VIGO, U.T.E. interpón o 03/07/2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 25/05/2007, que lle foi notificada en data 05/06/2007, e que, estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona María Dolores Francisca Martínez Barcia por mor da rotura dunha tubería da concesionaria, declarou a súa responsabilidade nos feitos tendo que indemnizar á reclamante na contía de 3.894.93 euros polos danos e perdas causados polo accidente.

O recurso fundaméntase na nulidade da resolución ditada, por canto no asunto xa ten recaído resolución xudicial firme de data 03/01/2007 no procedemento abreviado núm. 520/06 do Xulgado de Contencioso-Administrativo número 2 de Vigo, que se centrou exclusivamente no lucro cesante da falta de aluguer do local, por canto os danos materiais recoñecéronse aboados pola súa compañía aseguradora. Achega a estes efectos copia da sentenza xudicial recaída.

Segundo.- Hai no expediente certificación relativa á dación en conta da sentenza referenciada á Xunta de Goberno local, así como comunicación de firmeza da sentenza pola Asesoría Xurídica do Concello.

Terceiro.- Do recurso interposto déuselle traslado a dona María Dolores Francisca Martínez Barcia, a que non fixo alegacións.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- No procedemento de responsabilidade patrimonial é doutrina legal recollida pola xurisprudencia que o principio que domina a súa regulación consagrado no artigo 40 da Lei 30/1992 e artigo 106 da Constitución Española de 1978, é o de procurar ó prexudicado a reparación integral do dano causado, pero sen que poida converterse nun motivo de lucro (STS 12.7.1955 e 15.10.1990, entre outras), dado que o principio de indemnidade integral ten que operar sempre en aras de evitar un enriquecemento inxusto.

Polo tanto, acreditado no expediente que a reclamante xa foi indemnizada nos conceptos polos que se estimou a súa reclamación, é polo que procede estimar o recurso interposto e anular a resolución que se recorre.

Terceiro.- Consonante co artigo 116 da Lei 30/1992, é competente para resolver este recurso a Xunta de Goberno Local, ó tratarse do órgano que ditou a resolución impugnada.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Estimar o recurso de reposición presentado o 3 de xullo de 2007 pola U.T.E. Aqualia-FCC, anulando a resolución de data 25 de maio de 2007 recaída no expediente de responsabilidade patrimonial nº 673/243, toda a vez que Dna. María Dolores Francisca Martínez Barcia xa fora indemnizada polos danos que se reclamaban”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1709).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE D^a. M^a OBDULIA VILLAR DONSIÓN CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 805/243. DESESTIMADO.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 7.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dona M^a Obdulia Villar Donsión presenta en data 27/06/2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia de meter o pé dereito nun sumidoiro cando transitaba polo paso peonil existente na rúa Gerona á altura do núm. 2, resolución que lle foi notificada o 28/05/2007.

Segundo.- Do recurso interposto déuselle traslado á empresa concesionaria Aqualia –FCC, S.A., que fixo alegacións opoñéndose a el en data 06/09/2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- O recurso fundaméntase sinteticamente en que se non presentou testemuñas ou chamou á Policía Local foi porque non había ninguén na rúa nin levaba enriba o móbil, así como que se atopaba chovendo e non mirou o sumidoiro. Disente do informado polo Servizo de vías e obras do Concello.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, como así se esixe no artigo 107 do citado texto legal, causándolle danos. Ó respecto convén indicar que é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo.

Terceiro.-- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta de Goberno Local ó tratarse do órgano que ditou a resolución impugnada.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona M^a Obdulia Villar Donsión contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 7 de maio de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de lesións causadas nun sumidoiro da rúa Gerona, mantendo firme a resolución recorrida.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1710).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE D^a. ESPERANZA MACIEL GROBA CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 793/243. DESESTIMADO.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 6.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dona Esperanza presenta en data 29/06/2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia da caída dun colector de lixo, resolución que lle foi notificada o 29/05/2007.

Segundo.- Do recurso interposto déuselle traslado á empresa concesionaria U.T.E. CONTENUR-OTTO, que fixo alegacións opoñéndose a el en data 13/08/2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- O recurso fundaméntase sinteticamente en que a interesada disente da ubicación do colector que se cita en informe no expediente, en que non recorda que se lle concedera trámite de audiencia e así mesmo en que o certificado médico lle foi emitido pola médico de cabeceira por canto transcorrido un mes cre que non se llo darían no servizo de urxencias.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, como así se esixe no artigo 107 do citado texto legal, xa que consta no expediente a concesión do trámite de audiencia en data 20/04/2006 .

Ningunha das demais alegacións desvirtúa a motivación da resolución que se impugna, por canto se ben resulta acreditado a caída do colector como así se di na resolución que se recorre non así que os danos que se reclaman o son a consecuencia de dita caída, apreciacións que proveñen tanto da documentación médica que hai no expediente como da proba testifical practicada ó efecto, xa que a testemuña non viu como o colector caía enriba da interesada causándolle danos. Ó respecto cómpre indicar que é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo, polo que tampouco corresponde a esta Administración dirixirse ó Servizo de Urxencias médicas ó obxecto de verificar o alegado.

Terceiro.- Consonte co artigo 116 da Lei 30/1992, é competente para resolver este recurso a Xunta de Goberno Local ó tratarse do órgano que ditou a resolución impugnada.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Esperanza Marciel Groba o 29/06/2007 contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 30/04/2007 desestimatoria da súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor da caída dun colector de lixo, mantendo firme a resolución impugnada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1711).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE D^a. MARÍA PILAR RODRÍGUEZ TOMÉ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 909/203. DESESTIMADO.

Dase conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio de data 10.09.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Dona María Pilar Rodríguez Tomé presenta en data 18/07/2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia do mal estado da beirarrúa cando transitaba pola rúa Sanjurjo Badía de Vigo, resolución que lle foi notificada o 2/06/2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- O recurso fundaméntase sinteticamente en que non se amosa de acordo co informado polo Servizo de Vías e Obras do Concello por canto descoñece os medios técnicos utilizados para este, así como en xustificar as contradicións no alegado no expediente, que recoñece, en erros de redacción da súa parella.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, como así se esixe no artigo 107 do citado texto legal, causándolle danos. Ó respecto convén indicar que é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo, e co recurso interposto seguen sen acreditárense tanto os feitos como a súa relación causal co funcionamento dun servizo público municipal consonte coa doutrina que na resolución se aplica.

Terceiro.—De acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, é competente para resolver este recurso a Xunta de Goberno Local ó tratarse do órgano que ditou a resolución impugnada.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona María del Pilar Rodríguez Tomé contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 4 de xuño de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de lesións causadas na beirarrúa da rúa Sanjurjo Badía, mantendo íntegra a resolución impugnada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1712).- DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA PARA MODERNIZACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 17721/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do co informe do interventor técnico do Mercado do Progreso, do 13.09.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En Vigo, a trece de setembro de dous mil sete e en relación ó asunto que consta no encabezado, efectúase o presente informe polo asinante toda vez que a Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 11/09/06 acordou nomear ó asinante Interventor Técnico no Mercado do Progreso.

Á vista do indicado, emítese o presente Informe en base ós seguintes

FEITOS

PRIMEIRO.- O 5 de setembro de 2007, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal resolvéu:

“PRIMEIRO.- Comunicar á Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 16 de marzo de 2007, publicada no DOG nº 60, con data 26 de marzo, a aceptación da subvención de 239.492,5 €

SEGUNDO.- Ordenar ó asinante da presente proposta a tramitación de expediente de modificación orzamentaria por importe de 59.899’75 € para a súa inclusión no Pleno que terá lugar o 24 de setembro.

TERCEIRO.- Remitir á Consellería de Innovación, Industria e Comercio copia da presente xunto coa seguinte documentación:

- Copia da resolución de incoación da modificación orzamentaria proposta.

- Proxecto técnico das obras a realizar

- Copia do expediente de gasto a nome de Phixius Soluciones en Telecomunicaciones SL para a realización do proxecto de instalacións.

CARTO.- Solicitar á Consellería de Innovación, Industria e Comercio unha moratoria na aportación da documentación relativa ó compromiso do gasto, que será remitida o mesmo día en que a modificación orzamentaria que agora se incoa teña efectividade.

QUINTO.- Dar conta do presente á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar”

SEGUNDO.- O 5 de setembro de 2007, o Excmo. Sr. Alcalde resolvéu:

“PRIMEIRO .- Incoar expediente de modificación orzamentaria (Créditos Extraordinarios) por importe de 59.899’75 € con cargo ós maiores ingresos recadados sobor dos inicialmente previstos nas partidas orzamentarias do orzamento de Ingresos 32002 “Ingresos telefónica ocupación subsuelo” por importe de 59.015’36 € e 32204 “Otros aproveitamentos vía pública” polos restantes 884’39 €

SEGUNDO.- Dar conta deste Acordo á Intervención

TERCEIRO.- Somete-lo expediente, previa proposta, a aprobación do Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar de acordo có previsto no artigo 168 do RDLex 2/2004 e 123.1.4 da Lei 7/1985.”

Visto o indicado,

DÁSE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dos Decretos indicados e da remisión o día 7 de setembro da documentación indicada, así coma da inclusión na Orde do día da Comisión Informativa de Xestión Municipal de 17 de setembro do expediente de modificación orzamentaria.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(1713).- DAR CONTA DA COMPLETA EXECUCIÓN DO CONVENIO DE RESOLUCIÓN DE MÚTUO ACORDO DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO MERCADO DO PROGRESO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y VENDEDORES DEL MERCADO DEL PROGRESO”. EXPTE. 18058/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do co informe do interventor técnico do Mercado do Progreso, do 12.09.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En Vigo, a doce de setembro de dous mil sete e en relación ó asunto que consta no encabezado, efectúase o presente informe polo asinante toda vez que a Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 11/09/06 acordou nomear ó asinante Interventor Técnico no Mercado do Progreso.

Resultan relevantes os seguintes

FEITOS

PRIMEIRO.- - A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de maio de 2007, adoptou o acordo de autorizar a sinatura de convenio de resolución de mutuo acordo coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso da concesión administrativa para a Xestión do Mercado do Progreso, establecendo as seguintes cláusulas:

“(...)PRIMEIRA.- O Concello de Vigo asume a totalidade das débedas –obrigas de pago- que a Asociación Concesionaria ten contraído coas empresas que se citan contratadas no seu día para a prestación de distintos servizos no mercado incluíndo nelas aquelas que sexan consecuencia da defensa extraxudicial ou xudicial dos seus intereses:

- Limpezas Cies S.L.*
- Porteros e Controladores Industriales S.L.*
- Aqualia S.A.*
- Securitas Seguridade España S.A.(...)*

QUINTA.- O Concello de Vigo en concepto de indemnización da rendabilidade -beneficio industrial- deixada de percibir polos anos que restan de concesión comprométese a aboar á Asociación Concesionaria a cantidade de 150.000 € que será satisfeita na súa integridade cando se produza o efectivo ingreso na Recadación municipal das cantidades derivadas do Acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de abril de 2007 no expediente de Aprobación de Tarefas polo uso dos postos do Mercado do Progreso para o ano 2007 e de liquidacións de atrasos ata marzo de 2007.(...)”

SEGUNDO.- O día 11 de xuño de 2007, o Sr. Primeiro Tenente de Alcalde resolvéu:

“PRIMEIRO.- Dispoñer o pagamento dos 150.000 € ós que se refire a cláusula QUINTA do Convenio, mediante a emisión do correspondente cheque pola Tesourería Municipal a nome da Asociación de

Comerciantes y Vendedores del Mercado de El Progreso, que será entregado no momento da sinatura do Convenio. A entrega do cheque se efectuará ó Interventor Técnico do Mercado do Progreso, quen esixirá no momento da entrega á representante da Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso o oportuno recibín.

SEGUNDO.- Unha vez asinado o Convenio e xustificada a entrega do cheque á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso, deberá procederse polo Interventor Técnico do Mercado do Progreso a tramitar os expedientes encaminados a executar o contido da cláusula PRIMEIRA do Convenio, dándose deste xeito por perfeccionado na súa totalidade o “Convenio de resolución por mutuo acordo da concesión da xestión do Mercado do Progreso entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes do Mercado do Progreso”.

TERCEIRO.- O día 9 de xullo de 2007, a Sra Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda, resolvéu, en catro resolucións diferentes, o seguinte:

a) PRIMEIRO.- Dispoñer o pagamento de 67.676'11 € ós que se refire o presente informe, mediante a emisión do correspondente cheque pola Tesourería Municipal a nome de Limpiezas Cíes SL, con NIF B36631935 con cargo á partida 1210.2270611

SEGUNDO.- Simultáneamente á entrega do cheque, por representante acreditado da citada entidade, deberá procederse á sinatura de documento, que se incorporará ó expediente, có seguinte literal: “có abono polo Concello de Vigo da cantidade de 67.676'11 € a entidade que representa considera saldadas as cantidades que lle son adebedadas pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso polos servizos prestados ata o día 10 de marzo de 2006, renunciando dende o momento do pago a calqueira acción administrativa e/ou xudicial de requerimento de cantidades adebedadas, desistindo, no seu caso, de cantos procedimentos estean abertos en calqueira vía”.

TERCEIRO.- Unha vez executado a totalidade do Convenio, daráse conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.”

b) “PRIMEIRO.- Dispoñer o pagamento de 32.520 € ós que se refire o presente informe, mediante a emisión do correspondente cheque pola Tesourería Municipal a nome de Securitas Seguridad España SA, con NIF A79252219 con cargo á partida 1210.2270611

SEGUNDO.- Simultáneamente á entrega do cheque, por representante acreditado da citada entidade, deberá procederse á sinatura de documento, que se incorporará ó expediente, có seguinte literal: “có abono polo Concello de Vigo da cantidade de 32.520 € a entidade que representa considera saldadas as cantidades que lle son adebedadas pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso polos servizos prestados ata o día 10 de marzo de 2006, renunciando dende o momento do pago a calqueira acción administrativa e/ou xudicial de requerimento de cantidades adebedadas, desistindo, no seu caso, de cantos procedimentos estean abertos en calqueira vía”.

TERCEIRO.- Unha vez executado a totalidade do Convenio, daráse conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.”

c) “PRIMEIRO.- Dispoñer o pagamento de 60.540'23 € ós que se refire o presente informe, mediante a emisión do correspondente cheque pola Tesourería Municipal a nome de Porteros y Controladores Industriales SL, con NIF B36933133 con cargo á partida 1210.2270611

SEGUNDO.- Simultáneamente á entrega do cheque, por representante acreditado da citada entidade, deberá procederse á sinatura de documento, que se incorporará ó expediente, có seguinte literal: “có abono polo Concello de Vigo da cantidade de 60.540'23 € a entidade que representa considera saldadas as cantidades que lle son adebedadas pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso polos servizos prestados ata o día 10 de marzo de 2006, renunciando dende o

momento do pago a calqueira acción administrativa e/ou xudicial de requerimento de cantidades adebedadas, desistindo, no seu caso, de cantos procedimentos estean abertos en calqueira vía”.

TERCEIRO.- Unha vez executado a totalidade do Convenio, daráse conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.”

d) “PRIMEIRO.- Dispoñer o pagamento de 4.001'50 € ós que se refire o presente informe, mediante a emisión do correspondente cheque pola Tesourería Municipal a nome de Aqualia-FCC Vigo UTE, con NIF G79820833 con cargo á partida 1210.2270611

SEGUNDO.- Simultaneamente á entrega do cheque, por representante acreditado da citada entidade, deberá procederse á sinatura de documento, que se incorporará ó expediente, cón seguinte literal: “cón abono polo Concello de Vigo da cantidade de 4.001'50 € a entidade que representa considera saldadas as cantidades que lle son adebedadas pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso polos servizos prestados ata o día 10 de marzo de 2006, renunciando dende o momento do pago a calqueira acción administrativa e/ou xudicial de requerimento de cantidades adebedadas, desistindo, no seu caso, de cantos procedimentos estean abertos en calqueira vía”.

TERCEIRO.- Unha vez executado a totalidade do Convenio, daráse conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.”

Efectuados os pagamentos ós que se refire o presente e asinados os desestimento, segundo documentación que se adxunta,

DÁSE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Do perfeccionamento do convenio de resolución de mutuo acordo coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso da concesión administrativa para a Xestión do Mercado do Progreso, de tal xeito que o Concello de Vigo asumíu plenamente a xestión directa do mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

21(1714).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:

a) RÚA ALFREDO BRAÑAS 9. EXPTE. 320/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 28.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en ALFREDO BRAÑAS (RUA) 009, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	Presuposto Máx. Prot.	Presuposto Protexíbel	Paceptado Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Fom.	Consell. viv. e solo
María Elena Sanchez Rodriguez	3601353 4-L	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 009 -	1.3428,46	4.978,57	4.114,22	7.000	1542,82	771,41	771,41
Ana Gómez Moreno	3196573 2-X	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 009 -	1.3428,46	4.978,57	4.114,,22	7.000	1542,82	771,41	771,41
Daniel Fernandez Barros	3590579 6-J	ALFREDO BRAÑAS (RUA) 009 -	1.3428,46	4.978,57	4.114,22	7.000	1542,82	771,41	771,41
	TOTAL			14.935,71	12..342,66	21.000	4.628,46	2..314,23	2..314,23

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

b) PZA. ALFONSO XII Nº 37. EXPTE. 330/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 28.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmovel localizado en Pza./ ALFONSO XII 37, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	PRE MAX PROT	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
Alfonso Penela Fernández	Pza./ ALFONSO XII 37, 2	3599689 3F	9.304,74	4.925,24	7.000,00	3.489,00	1.744,50	1.744,50
Margarita Mariño Pérez	Pza./ ALFONSO XII 37, 3	3601815 1J	9.304,74	4.925,24	7.000,00	3.489,00	1.744,50	1.744,50
Fco. Xabier Maañón Laxe	Pza./ ALFONSO XII 37, 4	3380923 5V	10.399,41	5.504,68	7.000,00	3.899,60	1.949,80	1.949,80
Alfonso Penela	Pza./ ALFONSO XII 37, 0	3599689 3F	11.494,09	6.084,12	7.000,00	4.310,20	2.155,10	2.155,10

Fernández								
Fco. Xabier Maañón Laxe	Pza./ ALFONSO XII 37, 2	3380923 5V	10.946,75	5.794,40	7.000,00	4.105,00	2.052,50	2.052,50
TOTAL			51.449,73	27.233,68	35.000	19.292,88	9.646,44	9.646,44

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

22(1715).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN “PERI IV 09 BAIXADA A SAN ROQUE”. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4665/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, do 3.09.07, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entreoutros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requireir aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollos por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".

Según consta no expediente que se está a tramitar o proxecto de compensación (extpte 4692/401) o mencionado documento foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 16.07.07.

O 1.03.03 a Xunta de Compensación presentou documento técnico do proxecto de urbanización do PERI IV-09 “Baixada a San Roque”. Da tramitación do expediente se deu conta ós diferentes departamentos municipais e ás empresas “Gas Galicia, S.A.”, “Telefónica de España, S.A.”, “R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.” e “Unión Fenosa, S.A.”.

Consta no expediente informe do servizo de electromecánicos de 18.04.06 con respecto á contenerización soterrada, alumeado público e a rede de gas. Así mesmo, se achega ó expediente informe favorable do departamento de montes, parques e xardíns.

No expediente consta informe do enxeñeiro técnico de obras públicas de 21.02.07.

Á vista dos informes incorporados, a Xunta de goberno local de 5.03.07 adoptou o seguinte acordo: “(...) 1.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do <PERI IV 09 Baixada a San Roque>, elaborado polo arquitecto don José María Catalán Pérez de Lis, visado polo COAG o 24.02.06 e 31.07.06. 2.- De acordo co previsto no punto 4º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro e o artigo 4º do D. 2107/68, de 16 de agosto, abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíqueselle tamén as entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións. Por outra parte, dese cumprimento o punto do presente informe (...)”.

Durante o trámite de audiencia e información pública (según consta na certificación do Secretario da Xerencia municipal de urbanismo de 23.05.07), se presentaron as seguintes alegacións:

- Don Adolfo Pérez Rodríguez (doc 70057077).*
- Don Adolfo Pérez Vila (doc 70057430).*
- Dona Margarita Vila Seijo (doc 70058948).*

A Xunta de compensación presenta escrito de contestación ás alegacións o 19.07.07 (doc 70084272).

Consta no expediente informe do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento e xestión da Xerencia municipal de urbanismo de 17.08.07. O mesmo sirve de fundamento e contestación ás alegacións presentadas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- 1. Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días. Unha vez analizadas as alegacións presentadas, procede a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.*
- 2. Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. A Xunta de compensación asume a obriga de custear e executar a urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no*

artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.

3. *Contido do proxecto de urbanización.-* Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor.. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.

4. *Analise individualizada das alegacións presentadas:*

4.1 *Alegación presentada por don Adolfo Pérez Rodríguez (doc 70057077, data 11.05.07): A seguir dase contestación a cada unha das cuestións plantexadas polo alegante:*

** Sobre a suposta vulneración do principio de xerarquía.-* O alegante estima que non procede tramitar o procedemento de aprobación do proxecto de urbanización ata que non estea definitivamente aprobado o proxecto de compensación. Ó respecto, tense que informar que a Xurisprudencia recoñece de que o proxecto de compensación e de urbanización son instrumentos autónomos e a súa aprobación non ten que someterse a unha secuencia temporal lineal. A modo de exemplo reproducécese parcialmente a Sentenza do Tribunal supremo de 9 de xuño de 1992 (RX 5149): “(...) En segundo término, que el Proyecto de Compensación referente al Polígono de que se trata constituye un instrumento urbanístico de tramitación autónoma respecto del Proyecto de Urbanización, sin que sea precisa la previa aprobación de aquél para la validez de éste como alega el recurrente, puesto que el art. 175 del Reglamento de Gestión Urbanística no contiene tal exigencia cronológica [Sentencia del Tribunal Supremo de 6-7-1987 (RJ 1987\6679)], siempre que, en definitiva y al llegar a la fase de ejecución, no se desvirtúe lo que preceptúa el art. 15 de la Ley del Suelo (RCL 1976\1192 y ApNDL 13889) y disposiciones concordantes, debiendo significarse que en el presente caso, la aprobación definitiva de uno y otro proyecto se produjo en la misma sesión de la Corporación municipal, en 27-12-1988 (...)”. Por outra parte o artigo 20.1.d) e e) da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia dispoñe que é unha obriga dos propietarios de solo urbano non consolidado a de custear e executar as obras de urbanización do polígono así como a de distribución de equitativa de beneficios e cargas do planeamento con anterioridade ó inicio da execución material, enténdese que das obras de urbanización. No presente caso, a aprobación do proxecto de compensación foi acordado na Xunta de goberno local de 16.07.07. Unha vez procedida a distribución equitativa de beneficios e cargas, se da aprobación ó proxecto de urbanización. Unha vez aprobado o proxecto de urbanización se podería comenza a execución das obras de urbanización. En conclusión, non se aprecia a suposta vulneración do principio de xerarquía ó ser instrumentos de distinta natureza e cuxa tramitación conxunta é legalmente posible. Polo tanto, procede a desestimación deste punto da alegación.

** Sobre a incompatibilidade do mantemento da edificación coas cotas que se inclúen no proxecto de urbanización, o enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento e xestión informou o seguinte: “(...)A vista da cartografía municipal comprobouse que as parcelas correspondentes co sólido C1 estan a una cota sensiblemente superior a do vial e dado o ancho das beirarrúas colindantes, as parcelas non teñen que quedar con difícil acceso, porque poden ser asumidas pola pendente transversal das beirarrúas (...)”. No mesmo sentido informou a Xunta de compensación. Polo tanto, non procede estimar a alegación neste punto.*

* Estima o alegante que se están a incluír unidades de obra que non son obxecto do proxecto de urbanización, en concreto, obras de acondicionamento e explanación de parcelas privadas. No informe do enxeñeiro técnico de obras públicas de 17.08.07 se constata o seguinte: “(...) O proxecto non inclúe as explanacións das parcelas, inclúe as explanacións dos viais (...)”.

* Sobre o feito de que o proxecto de urbanización non contempla as obras de urbanización preexistentes que foron costeadas polo alegante, o enxeñeiro técnico de obras públicas informou o 17.08.07 que o proxecto de urbanización ten por obxecto a descripción das obras de urbanización necesarias para a correcta execución do polígono. En efecto, segundo o previsto no artigo 116.1.d da Lei 9/02, de 30 de decembro, a aludida omisión formaríase parte do contido do proxecto de equidistribución.

* Menciónase que a execución das obras de urbanización podería acarrear certo perigo para as vivendas e edificacións existentes. Informado polo enxeñeiro técnico de obras públicas o 17.08.07 se constata o seguinte: “(...) Considero que a urbanización non ten que por en perigo as edificacións existentes, en todo caso, se no prazo de execución, a dirección técnica da obra, estimase necesaria algunha actuación non contemplada no proxecto co fin de garantir a estabilidade ou seguridade a algunha edificación, o feito de que non figure no orzamento non é un impedimento para que poda ser executado e abonado (...)”.

4.2 Alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila (doc 70057430, 11.05.07).- Dase contestación individualizada a cada unha das cuestións tratadas polo alegante:

* En cuanto a procedencia da tramitación do proxecto de urbanización simultaneamente co de compensación, tense que remitir á contestación da alegación 1ª, punto primeiro.

* Se mencionan diversas cuestións en relación co contido do proxecto de urbanización. Entre elas, se menciona a diferenza de cota da urbanización co solar C1. Neste punto tense que remitirse ó informado no punto 2º, da alegación 1ª. Por outra parte, o enxeñeiro técnico de obras públicas informou sobre o resto das cuestións alegadas : “(...) O proxecto non recolle as acometidas domiciliarias de abastecemento e saneamento, nin as existentes, nin as futuras, as existentes deberanse manter e as futuras as deberá solicitar cada promotor a compañía concesionaria. En canto a rede de saneamento existente, dende esta oficina se lle indicou o proxectista a necesidade da súa completa renovación, por non ter nin a capacidade nin as características exixibles a unha obra nova. Con respecto a rampa de acceso a garaxes do sólido C1 consideramos que non é unha obra incompatible coa edificación existente polo que se pode executar. Entendese que durante a execución da obra non se van a anular os servizos das edificacións existentes, únicamente se farían cortes puntuais (previo aviso) para conexións cos novos servizos xerais. Sobre a responsabilidade de grietas e desperfectos as vivendas existentes non cabe dende esta oficina facer comentario algún, pois tratase de unha obra de construción máis, cos mesmos dereitos e obrigas. (...)”. Así mesmo é preciso engadir que a contratación da execución das obras de urbanización deberán de realizarse atendendo ós principios de publicidade e concurrencia ó abeiro do disposto no artigo 133 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.3 Alegación presentada por dona Margarita Vila Seijo (doc 70058948, 16.05.07).- A seguir se realiza unha contestación a todas as cuestións tratadas no escrito de alegacións:

* Sobre a ubicación dos espazos libres ou zonas verdes. Esta cuestión non é unha decisión que se adopte no proxecto de urbanización, senón que se trata do obxecto do planeamento de desenvolvemento. Neste caso trátase do propio “PERI IV-09 Baixada a San Roque” aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de

Vigo o 28.06.04. Mesma resposta tense que dar sobre as cuestións aludidas no escrito de alegacións con respecto ás prazas de aparcamento e a suposta carencia de zonas verdes nalgunhas zonas específicas mencionadas no punto catro do escrito. Así mesmo, non procede analizar no presente expediente a compatibilidade ou incompatibilidade co planeamento urbanístico das edificacións existentes e a coantía ou porcentaxe que debieran participar nas cargas derivadas da urbanización. Todas estas cuestións foron tratadas no expediente de aprobación do “PERI IV 09 Baixada a San Roque” e no proxecto de compensación recentemente aprobado pola Xunta de Goberno Local (16.07.07).

* En relación cos pasos peonís. Reprodúcese a continuación o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas de 17.08.07: “(...) Os viais grafiados como <peatonal Mixto> (viais con preponderancia peatonal) estan obrigados para manter os accesos a garaxes das edificacións existentes, e só terán ese carácter hata estas entradas, en ningún caso se permitirá (nin o di o proxecto) o tránsito de vehículos nas zonas verdes. Con respecto a se a Baixada San Roque sea peatonal ou rodada, o obxectivo da nova tipoloxía do vial e que sexa so de acceso a veciños polo que se busca que a urbanización non sexa un atallo senon unha zona residencial tranquila, o remate da obra, o departamento de seguridade e tráfico fará as correccións oportunas na sinalización do entorno para facelo compatible co planteamento do proxecto (...)”

5.- Constitución das garantías precisas- O contido do artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, está afectado polo artigo 72 da Lei 9/02. Esta norma esixe a constitución dunha garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. O texto da normativa urbanística actualmente en vigor, esixe a constitución dunha garantía do 100% no caso de que esteamos en presenza de solo urbano. A mesma ven prevista para o suposto de licencias condicionadas a completar a urbanización, pero non se realiza ningunha mención á execución de polígonos, cuxas obras de urbanización son de maior entidade que o previsto para o solo urbano consolidado. Por todo elo, en aplicación do principio *lex posterior derogat lex anterior* e de xerarquía normativa, se entende que é de aplicación o previsto no artigo 74 da Lei 9/02. Polo tanto, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (execución por contrata) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. As mesmas, hanse cancelar unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía. Naquel caso que se pretenda a edificación simultánea, deberase constituir unha garantía pola totalidade do presuposto de execución por contrata que figura no proxecto de urbanización.

6.- Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPÓÑESE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do “PERI IV 09 Baixada a San Roque”, elaborado polo arquitecto don José María Catalán Pérez de Lis con data de visado polo COAG de 24.02.06 e 31.07.06.
2. Desestimar expresamente as alegacións presentadas por don Adolfo Pérez Rodríguez (doc 70057077, data 11.05.07), don Adolfo Pérez Vila (70057430, data 11.05.07) e dona Margarita Vila Seijo (70058948, data 16.05.07).
3. Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da

finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.

4. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1716).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO 28 DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO CALVARIO. EXPTE. 4766/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, do 6.09.07, que di o seguinte:

O 28.05.93 foi aprobado definitivamente o proxecto de compensación do polígono 28 do Plan especial de reforma interior do Calvario (expte 3672/401).

O 1.08.07 "Bruña Construcciones, S.L." presenta escrito no que se solicita o seguinte: "(...) Adjunta documentación –escrituras y plano topográfico- para solicitar modificación puntual del polígono 28 del PERI Calvario debido a un error en las superficies de las parcelas 7, 8, 9, 10 de dicho polígono (...)".

Consta no expediente informe do director adxunto da oficina de planeamento e xestión de data 7.08.07 no que textualmente se constata: "(...) Á vista do escrito presentado, esta oficina técnica informa que as parcelas a que se fai referencia figuran con respecto ó plan xeral vixente aprobado definitivamente con data 29 de abril de 1993 no ámbito do PERI III-04 Calvario. Este PERI recolle as determinacións do PERI do Calvario como planeamento en marcha. Con datas 28 de maio de 1993 foron aprobados o estudio de detalle e o proxecto de compensación do polígono nº 28 do Peri do Calvario no que se emprazan as parcelas obxecto de informe. Consultado o proxecto de compensación, figuran as parcelas resultantes, 7, 8, 9 e 10 do seguinte xeito:

Parcela resultante nº 7.-

Superficie:	64,00 m2
Ocupación máxima s/ rasante:	64,00 m2
Edificabilidade:	557,28 m3
Altura:	IV plantas
Cesión Uso sup.:	0,00 m2

Parcela resultante nº 8.-

Superficie:	63,00 m2
Ocupación máxima s/ rasante:	36,50 m2
Edificabilidade:	465,12 m3

Altura: IV plantas
Cesión Uso sup.: 26,50 m2

Parcela resultante nº 9.-

Superficie: 45,00 m2
Ocupación máxima s/ rasante: 27,00 m2
Edificabilidad: 322,92 m3
Altura: IV plantas
Cesión Uso sup.: 18,00 m2

Parcela resultante nº 10.-

Superficie: 80,00 m2
Ocupación máxima s/ rasante: 62,50 m2
Edificabilidad: 811,01 m3
Altura: IV plantas
Cesión Uso sup.: 17,50 m2

No escrito presentado, alegase en primeiro lugar (por erro) que a suma da superficie das catro parcelas que figura no proxecto de compensación é de 190,00 m2, cando na realidade a suma supón unha superficie total de 252,00 m2, coincidente coa que figura nas notas simples informativas, e que feita unha medición topográfica das catro parcelas, a resultante da medición difire da que figura no proxecto de compensación, resultando unha superficie de 291,00 m2. Presenta un plano do levantamento topográfico coas medicións de cada parcela, resultando unha superficie para a parcela nº 7 de 87,50 m2, para a parcela nº 8 de 71,00 m2, para a parcela nº 9 de 47,00 m2 e para a parcela nº 10 de 85,50 m2. Xa na tramitación da solicitude de licencia, exp 58414/421, remitiuse por parte desta oficina de planeamento unha dilixencia á oficina de cartografía co fin de clarexar as discrepancias entre a superficie real e a que figura como resultante no proxecto de compensación. Como contestación á mesma a oficina de cartografía emitiu informe no que clarexa que o plano do levantamento topográfico das parcelas coas medicións e cotas que figuran no plano aportado coinciden coas delimitacións das parcelas correspondentes ó proxecto de compensación. A superficie de resultado é de 291,00 m2 en contra dos 252,00 m2 que figura tanto no proxecto de compensación. Esta diferenza en incremento na superficie das parcelas afecta á superficie de ocupación baixo rasante, pasando de 252,00 a 291,00 m2, non podendo alterar nin ó volume máximo nin as alturas nin á ocupación do sólido sobre rasante, debendo manterse tal como figuran no proxecto de compensación (...).

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Natureza da rectificación que se propoñe do proxecto de compensación.- O artigo 174 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, reza o seguinte: "(...) Las operaciones jurídicas complementarias que sean del caso, que no se opongan al proyecto de compensación ni al plan que se ejecute, una vez aprobadas por el órgano urbanístico, se formalizarán por la Junta de Compensación en escritura pública o en documento extendido por el órgano urbanístico actuante, con los requisitos y solemnidades propios de las actas de sus acuerdos, que se protocolizarán notarialmente. En ambos casos se procederá a su inscripción en el Registro de la Propiedad (...)". Regúlase neste precepto as denominadas operacións xurídicas complementarias son definidas por Tomás Ivorra Ardite ("Las operaciones jurídicas complementarias: normativa, jurisprudencia y resoluciones de la Dirección General de los Registros y del Notariado", Revista de Derecho Urbanística. Novembro 2006) como aquél acto administrativo de carácter urbanístico que altera de xeito non substancial e perfecciona o instrumento de parcelación orixinario, sen contradecir nin opoñerse ó mesmo nin ó

plan que se execute. O límite das mesmas son as alteracións substanciais ou revisións de reparcelación. A proposta de rectificación que se propoñe, segundo o informe técnico, ven derivada dunha indebida consideración da superficie real das parcelas de resultado 7, 8, 9 e 10 do proxecto de compensación do polígono 28 do Calvario. A rectificación que se propoñe non afecta a participación dos titulares das fincas aportadas nen a cuantificación do aproveitamento urbanístico atribuído ás fincas resultantes.

2.- *Procedemento de aprobación da operación xurídica complementaria.-* As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deberán ser aprobadas polo órgano urbanístico actuante, con previa aprobación da Xunta de Compensación. Dos datos obrantes no expediente a Xunta de Compensación do polígono 28 do Calvario, non está disolta. Non obstante, pese a non estar disolta resulta inviable requerir a aprobación da mesma dada a pluralidade de transmisións que se realizaron dende o cumprimento das obrigas da Xunta de Compensación.

3.- *Órgano competente para a adopción do presente acordo.-* De acordo co previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local a competencia para a adopción do presente acordo está atribuída á Xunta de goberno local.

Polo tanto, á vista do informado, se **PROPOÑE** a adopción do seguinte acordo:

1.- *Realizar a operación xurídica complementaria do proxecto de equidistribución do “polígono 28 do Plan Especial de reforma interior do Calvario (expte 4766/401)” no sentido de reflexar a superficie real da parcela “I” do proxecto de compensación, debendo figurar 291,00 m2 en lugar dos 252 m2 que figuran no proxecto de equidistribución.*

2.- *Comunicar ós interesados que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1717).- CESIÓN DA TITULARIDADE DOS VIAIS “3D” E “3G” E DA URBANIZACIÓN DOS VIAIS “1A”, “1AA”, “2A”, “1EE”, “3D”, “3G”, ACCESOS VG 20 DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 4761/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo director dos Servizos técnicos, do 31.07.07, que di o seguinte:

Con data 03.06.1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan parcial de Navia (expte. 2444/411, BOP núm. 183, do 20/09/1996), en desenvolvemento do programa de actuación urbanística aprobado no 08.02.1996. Dito acordo foi matizado por outro posterior de data 29.04.2002 (expte. 7556/411, BOP 19.07.2002). No 03.10.1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3992/401).

O 09.08.2002 "Xestur Pontevedra, S.A.", presentou unha primeira solicitude de modificación puntual do Plan parcial (expte. 7849/411), acompañada de documentación técnica, redactada pola entidade mercantil "Alameda

12 SL" e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Benito Fernández. En data 13.11.2002 remitíuselle a "Xestur Pontevedra" copia dos informes emitidos ao respecto pola CPTOPV da Xunta de Galicia (do 08.11.2002), Ministerio de Fomento (30.10.2002) e Subdirección Xeral de estradas da Xunta de Galicia (11.09.2002), para corrección da documentación.

O 12.06.02, o Consello da XMU acordou declarar a inncesariedade de parcelación ou de operacións reparcelatorias.

O Pleno do Concello en sesión ordinaria do 25 de abril de 2005 acordou aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 1 do plan parcial de Navia, promovida por "Xestur Pontevedra" (Xunta de Galicia), na súa última versión, con documentación redactada pola entidade mercantil "Alameda 12 SL", asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Benito Fernández, datada en febreiro de 2004 e xaneiro de 2005 (expte. 7849/411).

A Xunta de goberno local, na súa sesión de 22.06.06, adoptou o seguinte acordo: "(...) Aceptar parcialmente a infraestrutura básica da <Rúa 1-a, 1-aa e 1-ee> que enlaza coa vía de servizo do primeiro cinturón, tendo en conta as deficiencias observadas na mesma e informadas polos diferentes departamentos municipais - que son asumidas polo IGVS- e que deberán ser subsanadas no prazo máis breve posible (...)".

Novamente o delegado provincial da Consellería de vivenda e solo remite escrito no que se solicita a recepción do vieiro "2-a", os accesos ao segundo cinturón, así como a galería técnica de servizos de urbanización do polígono residencial de San Paio de Navia. Achegase proposta de cesión co seguinte contido: "(...) PRIMEIRO.- Propónse a cesión do vial, coas súas beirarrúas e aparcadoiros, denominado no parcelario do plan parcial <2 A>, cunha superficie de 22.724 m², delimitado por sendas rotondas, interiores da urbanización, que o separan do vial <1 A> pola zona norte, e outra pola que se accede a este polígono pola zona sur e a rúa <3 G>. Así mesmo, propónse a cesión dos accesos ao segundo cinturón, tanto asistente entre as P-XVI e P-XVII, cunha superficie de 276 m² como o existente na zona sur, prolongación do vial <3 G>, cunha superficie de 232,51 m², coas súas beirarrúas. SEGUNDO.- O tratamento aplicado nos viais que se ceden, así como as actuacións posteriores nestes, asúmense polo IGVS, en base ao proxecto de obras de reurbanización, coñecido polo Concello, que será obxecto de licitación e execución nas vindeiras datas, e que de selo caso complementaríase de acordo coas directrices contidas no ANEXO I. O IGVS convocará ao Concello de Vigo para que a través dos seus representantes e técnicos, poda concorrer a presta-la súa conformidade co acto de recepción definitiva destas obras. A conformidade dos representantes municipais coa obra realizada significará a recepción por parte do Concello, sin necesidade de ningún outro trámite dos servizos e terreos obxecto de cesión que se estipula na estipulación PRIMEIRA. TERCEIRO.- Así mesmo propónse a cesión da galería técnica de servizos que discurre pola totalidade do viario principal da urbanización, asumindo o IGVS o informe do enxeñeiro industrial municipal de data 13/06/05, que se xunta como anexo II. CUARTO.- En consecuencia co anteriormente exposto o IGVS propón a cesión gratuita ó Concello de Vigo a titularidade de todos os terreos e servizos especificados e descritos nos apartados anteriores, sitos no polígono residencial de San Paio de Navia (...)".

A Xunta de goberno local acordou o 19.06.06 o seguinte acordo: "(...) 1.-Aceptar a cesión da titularidade dos terreos correspondentes o vial descrito na modificación do plan parcial de Navia, como "2-a" e viarios de acceso ó segundo cinturón "1" e "2". A descripción do mesmo é o seguinte:

- Vial público dunha superficie de 22.724 m², delimitado por sendas rotondas <etapa II>, interiores de urbanización, cos seguintes lindeiros: Norte, rotonda de unión coas rúas "1-a" e "1-b"; Sur, rotonda unión rúa "3-g"; Leste: espacio libre "P-7", parcelas XVII, XVI, XV, XIV, XIII, XX e XIX; Oeste, espacio libre "P-2" e parcelas P-VIII, P-IX, P-X, P-XI, P-XII, rúa "2-f", parcela XXIV, espacio libre "P-3", parcela XXIII, XXII e XI, e rúa 3-g.

- Vial de acceso ó segundo cinturón "1" de 274 m² <etapa II>, cos seguintes lindeiros: Norte, espacio libre "P-7"; Sur, espacio libre "P-7"; Leste, rotonda de conexión do segundo cinturón e; Oeste, rúa "2-a".
- Vial de acceso ó segundo cinturón "2" de 232,51 m² <etapa II>, cos seguintes lindeiros: Norte, espacio libre "P-7"; Sur, equipamento docente "E-5"; Este, rotonda de conexión Avda. Ricardo Mella; Oeste, rotonda de conexión coas rúas "3-g" e "2-A" 2.- Promover a inscrición rexistral das parcelas resultantes e cedidas no punto primeiro (...)"

A parte expositiva do mencionado acordo se facía mención ó seguinte: "(...) A recepción terá un carácter provisional e sempre condicionada o escrupuloso respecto do informado no expediente polos diversos departamentos municipais e que están asumidos polo órgano cedente. Pese o carácter reglado das autorizacións urbanísticas, existen certas circunstancias de interese xeral que motivan a aplicación proporcionada da aplicación da normativa vixente. En efecto, as dúas etapas da urbanización do "Plan Parcial de Navia" non están completamente rematadas, non obstante, sempre que se deixe constancia no expediente das deficiencias observadas, o Concello non se vería perxudicado pola recepción de dúas rúas co gallo de facilitar o outorgamento da licenza de primeira ocupación (...)"

O 18.07.07 o Instituto Galego da Vivenda e do Solo presenta escrito no que se comunica o seguinte: "(...) Con data 23 de xuño de 2005 asinouse, entre o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo <IGVS>, o <Convenio específico de cesión parcial de espazos libres, parte de viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondentes ao Concello derivada da execución do sector do Plan Parcial de Navia>. De conformidade co previsto na cláusula terceira, o IGVS realizou obras de urbanización e reparación. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou, na sesión de data 19.06.06 <xúntase copia>, aceptar parcialmente a infraestrutura correspondente ao vial <2-a>, vial de acceso ao segundo cinto <1> e <2> segundo a proposta de 12.06.06, do delegado provincial da consellería de Vivenda e do IGVS, na que se asumen –Reparacións de viais, beirarrúas, medianas, reposición de arboredo, sinalización vertical e horizontal, mobiliario urbán <anexo I> e as deficiencias que teñen que ser corrixidas no alumeadado público exterior e a galería de servizos <anexo II> os informes municipais. Así mesmo acéptase a galería técnica de servizos que discorre pola totalidade do viario principal da urbanización. Mediante resolución de 28 de xullo de 2006, o IGVS encargou a Xestur Pontevedra, S.A. a reurbanización de 1ª e 2ª etapa e a urbanización da 3ª etapa fase A do plan parcial de solo residencial de San Paio de Navia. Con data 6.07.07 os servizos técnicos de Xestur Pontevedra, S.A. comunicaron, ao IGVS que as referidas deficiencias foron obxecto de reparación co coñecemento e seguimento dos servizos técnicos municipais. Xa que logo, de conformidade co exposto, solicítase a aceptación polo Concello de Vigo das obras de reparación da urbanización das etapas I e II do plan parcial de San Paio de Navia (...)"

Na mesma data o Delegado provincial da Consellería de Vivenda e solo informa o seguinte: "(...) En calidade de delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en Pontevedra e como secretario do Consello de Administración de Xestur Pontevedra solicito a recepción por ese Concello, dos viais <3D> e <3G> do polígono residencial San Paio de Navia <xúntase plano> A estes efectos, achégase a correspondente proposta de cesión (...)"

No expediente constan os seguintes informes:

- "Aqualia gestión integral del Agua, S.A. y Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. Unión Temporal de Empresas" de 11.07.07.
- "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A." de 4.07.07.
- "Gas Galicia SDG, S.A." de 27.06.07.
- "Telefónica de España, S.A. Sociedad unipersonal" de 29.06.07.

- *Servizo de electromecánicos de 10.08.07.*
- *“Unión Fenosa” de data 6.09.07.*

Por outra parte, o director dos servizos técnicos e o adxunto ó director dos servizos técnicos informaron o 6.09.07 o seguinte: “(...) Recibida solicitud de recepción de los viales 1 a, 1 aa, 2 a, 1 ee, 3 d, 3 g e accesos desde VG 20, presentada por el Sr. Delegado de la Consellería de la Vivienda y Suelo en Pontevedra con fecha 18/07/07, el Técnico que informa propone recibir dichas obras de urbanización del Plan Parcial de San Paio de Navia, circunscritas al ámbito ya descrito, incluyendo las galerías de servizo de las calles 1 a y 2 a, al entender que los viales disponen de toda la infraestructura básica. Se adjunta copias de los informes emitidos a este fin por el Servicio de Electro-Mecánicos del Concello de Vigo, Aqualia, R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A., Gas Galicia, Telefónica y Unión Fenosa. Las obras se ajustan al planeamiento que desarrollan (...)”.

As cuestións xurídicas relativas á xestión do Plan Parcial de Navia por parte do Instituto Galego da Vivenda e do Solo e “Xestur Pontevedra, S.A.”, se encontran analizadas no informe do técnico da admón xeral de 20.06.05 no expediente 4609/401 (“Convenio de cesión de titularidade de aproveitamento e dotacións na actuación do Plan Parcial de Navia”).

Todas as obras de urbanización que se reciban (puntos 3 e 4 da proposta), se computan a partir da data do acordo que se adopte.

A competencia par a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de goberno local, de acordo co previsto no punto 1, letra d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Polo tanto, formúlase a seguinte PROPOSTA

1.-Aceptar a cesión da titularidade dos terreos correspondentes os viais descritos na modificación do plan parcial de Navia como “3-d” e “3-g”, coa seguinte descripción:

Rúa “3 d”, cunha superficie de 4.700 metros cuadrados. Lindeiros: Norte: Límite do PP Navia –etapa IV-; Sur: Parcela E-4 de equipamento escolar; Este: rotontada confluencia 2 d e 2 f da etapa II; Oeste: Límite da etapa III, fase A.

Rúa “3 G”, cunha superficie de 9.090 m2. Lindeiros: Norte: rotonda da rúa “3 d”; Sur: rúa Teixugueiras (“2 a”); Este: parcela “E-4” de equipamento escolar e zona verde “P 3”; Oeste: Límite etapa III, fase A.

2.- Promover a inscrición rexistral das parcelas resultantes e cedidas no punto primeiro e a súa alta no inventario xeral de bens do Concello de Vigo.

3.- Tomar razón da execución das obras de reurbanización e de subsanación das deficiencias observadas e postas de manifesto nos acordos da Xunta de goberno local de 22.06.05 (expte 4610/401) e 19.06.06 (expte 4684/401). Polo tanto, entender por recibidas totalmente as obras de urbanización das rúas “1-a”, “1-aa”, “1-ee”, “2-a”, vial de acceso ó segundo cinturón “1” e “2”, e a galería técnica de servizos do viario principal.

4.- Aceptar a urbanización dos viais “3-d” e “3-g” de acordo cos informes que constan nos antecedentes da proposta.

5.-Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso

contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1718).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GAS NATURAL DISTRIBUCIÓN SDG . EXPTE. 52865/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 13.08.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Vista a solicitude formulada por GAS NATURAL DOSTRIBUCION S.D.G., en relación o aval constituído en data 12/12/2006, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de acometida de gas, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 23 de xulio de 2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución do aval a GAS NATURAL DOSTRIBUCION S.D.G., constituído na data reseñada, polo importe de 2.249,17 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a GAS NATURAL DOSTRIBUCION S.D.G., constituído na data reseñada no precedente informe, polo importe de 2.249,17 euros.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(1719).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 14.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En instrucción do servizo de data 12 de setembro do 2007 o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou á Unidade de Persoal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local dunha proposta de modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) en relación ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Área de Acción Social”, código 009, a fin de que poida ser ocupado por un funcionario/a incardinado nas escalas de administración xeral ou especial indistintamente, dentro do grupo A de titulación no cal se incardina o devandito posto

2. O posto de traballo citado se atopa na actualidade vacante dende o recente falecemento do funcionario adscrito ao mesmo D. Enrique Gómez García.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A recente entrada en vigor o pasado 13 de maio do novo marco normativo constituído pola Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata o momento; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes. Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado precepto sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

II. De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

III. Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPT ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a

competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residenciada na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarios, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

IV. A modificación proposta non implica alteración algunha do cadro de persoal presupostario aprobado polo Pleno do Concello en data 28/02/2005 (publicado no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, xunto coa RPT), dado que consiste únicamente na modificación dos requisitos administrativos do posto de traballo, en concreto das escalas administrativas ás que pertence o posto de traballo facilitando que poda estar incardinado indistintamente nas escalas de administración xeral e especial.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión do mesmos.

V. Vistas as consideracións e informes expostos, en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 07/08/2007, e considerando que a precedente proposta non implica modificacións retributivas nin devengos económicos, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, en canto ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Área de Acción Social”, código 009, encadrado no grupo A de titulación, escala de administración xeral, existente no Servizo 301-Benestar Social, de xeito tal que onde pon “escala: AG” deberá poñer “escala: AG/AE”, aos estrictos efectos da provisión do mesmo por efectivos encadrados na escala de administración xeral ou especial indistintamente. A presente modificación deberá ser obrigatoriamente publicada no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1720).- REFORMA DA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DS RÚAS PEDRO ALVARADO E DR. CORBAL. EXPTE. 53509/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 14.09.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, co fin de proceder á redacción do Convenio a subscribir entre a dita Delegación e o Concello de Vigo, solicita certificación do acordo adoptado polo Órgano Municipal competente, de conformidade co artigo 2º do Decreto nº 246/92 de 30 de xullo, relativo aos seguintes extremos:

a).- Compromiso de posta a disposición , por parte do Concello, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto.

b).- Compromiso de concesión dos correspondentes permisos e autorizacións necesarios para leva-las a cabo.

c).- A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación desta Delegación, a explotación, mantemento e conservación das mesmas e os seus servizos.

Estando prevista a execución das obras en viais de dominio público, considérase que non existen inconvenientes para a posta a disposición por parte do Concello dos terreos necesarios para a execución das obras libres de cargas e gravámenes. En orde á acreditación documental da efectiva dispoñibilidade dos terreos nos termos do apartado a) foi solicitada a correspondente documentación ao Servizo de Cartografía Municipal. O réxime urbanístico resulta ser axeitado, toda vez que as obras consisten na ordenación de viais existentes.

O compromiso de reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto, por parte do Concello de Vigo, aunque non figura expresamente no artigo 2º do Decreto nº 246/92 de 30 de xullo de 1992 citado, ven sendo o habitual nos convenios de similar contido e finalidade, subscritos entre ámbalas dúas Administracións nos derradeiros anos.

Polo anteriormente exposto, **SOMÉTESE Á CONSIDERACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

1º.- *Asumir ante a Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia os compromisos que a continuación se sinalan, en orden a subscribir convenio entre o Concello de Vigo e a citada Delegación Provincial, para a reforma da glorieta na intersección das rúas Pedro Alvarado e Dr. Corbal.*

a).- Compromiso de posta a disposición , por parte do Concello, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, e co réxime urbnístico adecuado, para a execución das obras, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto.

b).- Compromiso de concesión dos correspondentes permisos e autorizacións necearios para leva-las a cabo.

c).- A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación desta Delegación, a explotación, mantemento e conservación das mesmas e os seus servizos.

2º.- *Notificar este acordo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Patrimonio e Contratación Municipal e á Xerencia de Urbanismo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1721).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.